

1371, febreiro, 20
foro

380

Pedro Rodríguez, reitor da igrexa de San Cibrao de Las e tenente da capela ordenada polo chantre Xoán Rodríguez, afóralles a tres voces a Xoán Estévez e á súa muller, Tareixa Vilela, diversos bens en Alongos, por certa cantidade de diñeiro, unha porcalla ou 8 mrs. con 10 soldos de pan branco e tres azumes de viño.

ACOu, Escrituras XXI, 16

Sabean quantos esta carta viren que eu Pero Rodrigues reytor da igleia de Sam Çibrao de Laas et teendor da capella que ordinou dom Johan Rodrigues chantre que foy d'Ourense, con liçençia e outoridade de dom Johan Anes arçidiago de Castella, vigario geeral da igleia et bispado d'Ourense vagante a see, que he presente et outorgante dou (e outorgo) afora a vos Johan Estevees d'Alongos et a vossa moller Tereyia Vilela em vossa vida danbos et a tres voses depouys do finamento do pustrimeyro de vos, quaes foren nomeadas suçesive huna pus outra, et se non foran nomeadas que seia a primeira vos aquel que herdar os outros vossos beens de dereito, et assy vaam as ditas voses suçesive, ho casar d'Alongos que foy d'Aras Yaque que está no lugar que chaman o Rigeyro et todos los outros herdamentos et arvores que perteençem aa dita capella enna friiguesia de Sam Martiño d'Alongos a montes e a fontes con entradas e seidas et con todos seus dereytos et perteenças sub tal condiçon que moredes o dito lugar por vos ou por outre et o reparedes (...) que o lavredes et paredes bem et façades lavrar et parar bem os herdamentos que ao dito lugar perteençen cada hu for neçesario em tal maneyra que non defalesca por mingoa de lavor et de boon paramento. Et dedes ende a min et a meus suçesores teedores da dita capella en cada huun anno em salvo enna festa de Sam Martyño de novembro viinte libras de diñeiros brancos da moeda del rey dom Pero contados viinte soldos por libra, et huna porcalla con des soldos de pam branco e con tres açunbres de viño. Pero se (...) ventura non poderdes aver de vossa criança a dita porcalla que den por ella oyto mor. da sobre dita moeda con o dito pam et viño. Et que levedes ende et ajades (...) fruytos et dereytos que deus y der de dezemo a deus et livre et quite de todo outro embargo et emcarrego alguun. Et se vos ou as ditas voses ou alguuns (...) as quiserdes vender ou obrigar o dito lugar ou parte dello primeyramente devedes requeryr sobre ello ao teedor da dita capela. Et se porla ventura o non quiser por esse preço receber estonçe o vendede, deytade ou subpinorade a semellavel pessoa de que eu possa aver et cobrar o dito foro en paz et que lavre et pare bem et faça et cunpra et agarde as condiçoens desta carta segundo vos sodes tiudos et hobrigados. Et eu o dito Pero Rodrigues obrigo os beens da dita capela para que os ditos Johan Esteves et a dita sua moller et as ditas voses siam anparados et defesos a dereyto no dito tenpo con o dito lugar e herdamentos que lles aforo como dito he. Et eu Johan Estevees sobre dito recebo o dito casar et herdamentos et cousas sobre ditas aforadas por orla maneira e condiçoens sobre ditas. Et obrigo todos meus beens et da dita miña moller avidos e por aver para l[a]vrar et parar bem e pagar e fazer et conprir e agardar todas las cousas que de susso ditas son. Et he posto ontore as ditas partes que qual quer dellas ... que peyte aa outra parte que em ello quisser estar çen mor. da sobre dita moeda. Et a dita penna pagada ou non esta carta et ho em ella contiudo fique firme et valledeiro. Et eu o dito arçidiago et vigario sobre dito por quanto reçeby juramento aos santos avangelios do dito Pero Rodrigues (...) aforamento que fazia era prol e boon paramento da dita capella, et el porlo dito juramento dysso que entendia e criia que era prol da dita capella et que (...) non achava quen lle mays desse nen promettesse de foro por elo, por ende outorgo este dito aforamento enna maneira que he feito. Et (...) para que o possa faser, et ontrepoño degre

do ao dito aforamento et mando *que* valla por lo dito tempo et aia firmedume enna maneira *que* he feito (...) fazer duas cartas em huun tenor *partidas por* .a.b.c. Feita a carta en Ourense, viinte de fevreyro, era de mill et quatroçentos et nove annos. Testemoyas *que* foron presentes aa dita outorydade et outorgamento do dito Pero R odrigues, Vaasco Corvacho coengo d'Ourense e Pero Çide e Johan Peres escudeiros do dito arçidiago et Louren ço Anes reytor da igleia de Layas et Afonso Peres reytor da igleia de Santo Andre de Campo Redondo. Et foron t ests. de commo o dito Johan Esteves ... o dito aforamento e o recebeo enna maneira *que* dita he Ares Martines notario d'Ourense e Vasco Martines escrivan e Domingo Martines de de Mugares e Pero Cabeça et Domingo P eres de Revelloens et Johan Martines Calveyra de Ventrazes.

Et eu Martin Gonçalvez notario pubrico d'Ourense por lo bispo e por la igleia desse lugar *que* a esto presente foy et en miña presenza o fiz escripvyr et en esta carta *que* delo dey ao dito Johan Steveez meu nome et meu signal aqui fiz en testimoyo de verdade *que* he tal.

(*sinal*)